

ANUNCIO

Asunto: PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DA FUNCIONARIA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS
ADELAIDA FÁTIMA ABAD ISLA

Faise público que con data 03.03.2025 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 236/2025 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa dispón:

“PRIMEIRO.- Prorrogar o nomeamento de Adelaida Fátima Abad Isla como funcionaria interina en réxime de acumulación de tarefas coa finalidade de desempeñar temporalmente unha praza de grupo: A; subgrupo: A2; escala: administración especial; subescala: técnica; denominación: traballadora social; dende o 4.03.2025 ata o 3.09.2025, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPGA e 10 do TREBEP.

SEGUNDO.- Requirir a Adelaida Fátima Abad Isla para que asine unha dilixencia de prórroga do seu nomeamento.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso—Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

CUARTO.- Publicar a prórroga do nomeamento no taboleiro e na web municipal e, asemade, trasladar o nomeamento aos departamentos de servizos sociais, intervención e persoal, á Xunta e Persoal e ao Comité de Empresa.

En Fene, asinado dixitalmente o 14.03.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.